

ANEXO III

PROXECTO LINGÜÍSTICO

(Aprobado polo Consello Escolar o 28 de xaneiro de 2008)

Coas modificacións aprobadas polo Consello Escolar nas sesións celebradas:

- O 29/06/2012.
- O 30/06/2014.
- O 29/06/2015.

PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO

	Pág.
1.- Introducción	03
2.- Criterios para determinar a lingua predominante no contorno.....	03
3.- Linguas a empregar nas distintas áreas.	
3.1.- Linguas establecidas polo Decreto 79/2010	04
3.2.- Decisión do Centro sobre a lingua das restantes materias	
(Modificado o 29/06/2015, para a súa adaptación á LOMCE)	04
4.- Obxectivos xerais para o fomento da lingua galega.....	05
4.1.- A nivel administrativo e institucional.....	06
5.- Liñas de actuación para o fomento da lingua galega.....	06
6.- Estratexias para que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento das dúas linguas oficiais.....	08
7.- Actividades para que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento das dúas linguas oficiais.....	08
8.- Medidas adoptadas para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle impartan	10
9.- Addenda do Proxecto Lingüístico	11

PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO

1.- INTRODUCCIÓN.

O CEIP Ramón de la Sagra está situado no concello de A Coruña, na primeira fase do polígono de Elviña, entre os barrios das Flores e Monelos. Escolariza 431 neno@s de 3 a 12 anos. O nivel socio-económico das familias é medio-baixo.

2.- CRITERIOS PARA DETERMINAR A LINGUA PREDOMINANTE NO CONTORNO.

Realizarase un sondeo entre as familias no momento de incorporación dos alumn@s ao centro, co obxecto de determinar a lingua predominante entre o alumnado.

Na devandita consulta inquirirase:

- Lingua empregada entre os pais.
- Lingua en que se dirixen ao fill@.

O resultado servirá tanto como punto de referencia para decidir a lingua da que se partirá en E. Infantil como para adoptar cada curso as medidas de reforzo e apoio máis oportunas.

3.- LINGUAS A EMPREGAR NAS DISTINTAS ÁREAS.

En cumprimento do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, impartiranse en galego as seguintes materias:

3.1.- LINGUAS ESTABLECIDAS POLO DECRETO 79/2010.-

(Modificado o 29/06/2015, para a súa adaptación á LOMCE)

Educación Infantil:

Partirase da lingua castelá, que no caso do noso alumnado é a lingua materna maioritaria, e fomentarase a adquisición progresiva da lecto-escritura en galego, introducindo vocabulario significativo nesta lingua. Tamén se impartirá en galego Psicomotricidade.

Estas medidas teñen como obxectivo que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento das dúas linguas oficiais, tal e como se establece no art.5.4. do Decreto 79/2010.

Educación Primaria:

- As materias de lingua impartiranse no idioma de referencia.
- Impartirase en galego a materia de Ciencias Naturais.
- Impartirase en galego a materia de Ciencias Sociais.
- Impartirase en castelán a materia de Matemáticas.

3.2.- DECISIÓN DO CENTRO SOBRE A LINGUA DAS RESTANTES MATERIAS.-

En cumprimento do establecido no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia (DOG 25/05/2010), e dada a necesidade de equilibrar ao máximo a distribución da lingua nas materias nas que este punto non está determinado normativamente, o profesorado decidiu –en sesión de Claustro celebrada o 24 de xaneiro de 2011- a seguinte distribución:

- Lingua galega: E. Física e Plástica.
- Lingua castelá: Música, Relixión e Educación para a Cidadanía.

4.- OBXECTIVOS XERAIS PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA.

- Potenciar o uso do idioma galego na nosa comunidade educativa.
- Potenciar a presenza da realidade galega, cultura, historia, arte, tradicións... etc. no ensino.
- Lograr unha valoración positiva do uso da lingua propia e mellorar a competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.
- Traspasar o uso da lingua do límite da comunidade escolar ao ámbito familiar e social dos nenos e nenas.
- Comprender e expresarse oralmente e por escrito de xeito adecuado nos diferentes contextos da actividade social e cultural cotiá.
- Utilizar a lingua oral de xeito adecuado na actividade social e cultural adoptando una actitude respectuosa e de colaboración.
- Utilizar a lingua eficazmente na actividade escolar tanto para buscar, recoller, seleccionar, contrastar, transformar e procesar información, como para escribir textos propios do ámbito académico.
- Utilizar os medios de comunicación social e as tecnoloxías da información e da comunicación para obter, interpretar e valorar informacións e opinións diferentes.
- Utilizar a biblioteca como fonte de recursos variados para o desfrute e o pracer de ler, así como para a obtención de información variadas.
- Utilizar a lectura como fonte de pracer e de enriquecemento persoal, e aproximarse a obras relevantes da tradición literaria galega para desenvolver hábitos lectores.
- Valorar e estimar a lingua galega como lingua propia como mostra de identidade de Galicia e recoñecer a existencia da diversidade lingüística como feito cultural enriquecedor.
- Facer uso dos coñecementos sobre a lingua e sobre as normas de uso lingüístico para escribir e falar de maneira adecuada, coherente e correcta e para comprender textos orais e escritos.
- Reflexionar sobre os diferentes usos sociais das linguas para evitar estereotipos lingüísticos que supoñan xuízos de valor e prexuízos clasistas, racistas ou sexistas.

4.1.- A NIVEL ADMINISTRATIVO E INSTITUCIONAL.-

- Realizar en lingua galega todas as actuacións administrativas, de réxime interno ou externo, como actas, comunicados, anuncios, correspondencia, etc., agás no referido a comunicacións con outras comunidades autónomas e cos órganos da Administración do Estado radicados fóra da comunidade autónoma, en que se utilizará o castelán.
- En cumprimento do art. 36.2 da Lei 30/1992 do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, utilizarase o castelán nos comunicados ou citacións de carácter persoal dirixidas aos interesados que así o soliciten expresamente.
- Realizar en lingua galega todos os procedementos, tanto aqueles iniciados de oficio como os tramitados a petición dos interesados, sen perxuízo do establecido no art. 36.3º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

5.- LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA.

- Utilización da lingua galega nas comunicacións que se realicen dentro da comunidade educativa.
- Potenciación da presenza da realidade galega, cultura, historia, arte, tradicións... etc. no ensino, mediante a relación dos coñecementos adquiridos coa realidade galega.
- Inclusión das familias en actividades organizadas polo Centro e desenvolvidas en lingua galega, facéndooas partícipes das mesmas, tanto na realización do traballo como na satisfacción que este produce, para conseguir con este traballo en común:

- O logro dunha valoración positiva do uso da lingua propia e a mellora da competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.
 - O traspaso do uso da lingua do límite da comunidade escolar ao ámbito familiar e social dos nenos e nenas.
- Uso da lingua galega, oral e escrita, nas actividades organizadas polo Centro e realizadas fóra da aula - visitas de artistas, autores galegos, músicos, profesores da universidade ou outros profesionais; actividades de teatro; etc.- que permitan ao noso alumnado: .
 - Comprender e expresarse oralmente e por escrito de xeito adecuado nos diferentes contextos da actividade social e cultural cotiá.
 - Utilizar a lingua oral de xeito adecuado na actividade social e cultural adoptando una actitude respectuosa e de colaboración.
- O fomento da utilización da lingua galega en todo tipo de actividades escolares, empregándoa tanto para escribir textos propios do ámbito académico, como para a busca, recollida, selección, contraste, transformación e procesamento da información, mediante:
 - A utilización dos medios de comunicación social e as tecnoloxías da información e da comunicación para obter, interpretar e valorar informacións e opinión diferentes.
 - A utilización da biblioteca como fonte de recursos variados para o gozo e o pracer de ler, así como para a obtención de información variada.
- Utilización da lectura como fonte de pracer e de enriquecemento persoal, e aproximación a obras relevantes da tradición literaria galega para desenvolver hábitos lectores, aproveitando tanto as horas de Lingua Galega, como a “hora de ler” diaria.
- Valoración e estima da lingua galega como propia, como mostra de identidade de Galicia e recoñecemento da existencia da diversidade lingüística como feito cultural enriquecedor.
- Uso dos coñecementos sobre a lingua e sobre as normas de uso lingüístico para escribir e falar de maneira adecuada, coherente e correcta e para comprender

textos orais e escritos, esforzándose o profesorado na corrección de expresións inadecuadas nun galego correcto.

- Reflexión sobre os diferentes usos sociais das linguas para evitar estereotipos lingüísticos que supoñan xuízos de valor e prexuízos clasistas, racistas ou sexistas.

6.- ESTRATEXIAS PARA QUE O ALUMNADO ADQUIRA, DE FORMA ORAL E ESCRITA, O COÑECEMENTO DAS DÚAS LINGUAS OFICIAIS.

Co fin de acadar o obxectivo xeral establecido na Lei 3/1983, de Normalización Lingüística, no Decreto 79/2010, e no Regulamento de Réxime Interior, incluído no PEC do Centro, adoptaranse as seguintes estratexias para que o alumnado adquira, de forma oral e escrita o coñecemento das dúas linguas oficiais:

- Impulso do traballo do Equipo de Dinamización Lingüística do Centro como dinamizador lingüístico.
- Desenvolvemento das actividades do Equipo de Dinamización en estreita colaboración co Equipo de Biblioteca do centro, co obxecto de obter a máxima rendabilidade do traballo realizado.
- Colaboración entre o Equipo de Dinamización Lingüística e o de Actividades Complementarias e Extraescolares no deseño e realización daquelas actividades relacionadas coa historia, cultura e realidade galega.
- Colaboración co Equipo de Tics para incorporar o galego ás novas tecnoloxías.
- Inicio da escolarización en E. Infantil na lingua castelá, que no noso caso é a lingua materna maioritaria, e fomento da adquisición progresiva da lecto-escritura en galego, introducindo vocabulario significativo nesta lingua. (Estas estratexias teñen como obxectivo que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento das dúas linguas oficiais, tal e como se establece no art.5.4. do Decreto 79/2010).

- Emprego da lingua galega nas actividades complementarias e actos que organice o Centro.
- Valoración maior da lingua oral sobre a escrita, estimulando a expresión oral.
- Revisión do material e recursos existentes, aproveitando estes e tratando de conquistar outros necesarios, especialmente no campo das novas tecnoloxías.
- Mantemento de comunicación cos responsables do comedor escolar e Luditarde, encargados das actividades complementarias das tardes, co fin de acadar a súa colaboración na normalización do galego nesta banda horaria.
- Emprego, con carácter xeral, da lingua galega no centro educativo, fomentando o seu uso oral e escrito, tanto nas relacións internas como naquelas que se establezan coas familias, con outros centros, coa propia administración educativa ou con calquera outro organismo ou institución, tanto público como privado.

7.- ACTIVIDADES PARA QUE O ALUMNADO ADQUIRA, DE FORMA ORAL E ESCRITA, O COÑECEMENTO DAS DÚAS LINGUAS OFICIAIS.

- Xogos coa linguaxe, para estimular o uso da linguaxe na clase así como a súa adquisición, de xeito que poñerán máis atención á tarefa en sí que á linguaxe que precisan empregar para realizala, deste xeito, a lingua é adquirida dun xeito máis natural. (ex.: creación de poemas seguindo un modelo).
- Representacións teatrais, para que os alumnos se afagan á linguaxe, empregando a mesma en situacións da vida real.
- Resolución de problemas: habilidade por parte dos alumnos para traballar xuntos ou de forma individual e resolver un problema proposto nunha actividade. (ex.: debate sobre carácter e actitudes dun personaxe dun conto ou película e debate sobre as decisións que debería tomar).

- Técnicas de ordenador: Búsqueda de información en internet, blogs, links, webs, etc, que os preparará para a vida real.
- Utilización de videos e películas na clase.
- Uso de libros de consulta, diccionarios e enciclopedias.
- Recolleita entre a familia e amigos, de refráns, cantigas, contos, etc...
- Xogos de linguaxe con encrucillados.
- Xogos tradicionais.
- Audicións musicais, tanto de cancións tradicionais como modernas.
- Escoita de contos tradicionais.

8.- MEDIDAS ADOPTADAS PARA QUE O ALUMNADO QUE NON TEÑA O SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS POIDA SEGUIR CON APROVEITAMENTO AS ENSEÑANZAS QUE SE LLE IMPARTAN.

- Apoiarase a este alumnado tanto de xeito individual como en pequeno grupo ata acadar resultados que lles permitan un desenvolvemento adecuado, tanto a nivel oral como escrito.
- Prestarase especial atención aos alumn@s xordos que se integran no centro mediante a necesaria colaboración entre a profesora de apoio con que contan estes alumn@s, os titores/as dos mesmos e o resto do profesorado que lles imparte clase, atendendo aos aspectos psicopedagóxicos e orientacións metodolóxicas dos diferentes especialistas implicados en cada caso, de xeito que se garanta a competencia lingüística propia do nivel nas dúas linguas oficiais da comunidade autónoma.
- Fomentarase a expresión, sobre todo oral, destes alumnos na aula, co fin de que acaden canto antes a maior fluidez posible.
- O profesorado elaborará material adecuado ao nivel lingüístico do seu alumnado.

9 .- ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO.

En cumprimento do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia (DOG 25/05/2010), solicitarase, no momento da matrícula, información ás familias do alumnado de tres anos respecto da lingua materna predominante entre o alumnado. O resultado da pregunta incluírase na Addenda do Proxecto Lingüístico da PXA, explicitando:

- N° de alumnos/as matriculado en 4º de e. infantil.
- Alumnado que ten o castelá como lingua materna.
- Alumnado que ten o galego como lingua materna.
- Alumnado que ten as dúas linguas maternas.
- Non contestan.